

**VI. ANUNCIOS****C) OUTROS ANUNCIOS****CENTRO UNIVERSITARIO DA DEFENSA - ESCOLA NAVAL MILITAR**

*ANUNCIO do 22 de agosto de 2014 polo que se procede a dar publicidade da resolución da mesma data pola que se convoca concurso público para a contratación de persoal docente (CPD06).*

A Dirección do Centro Universitario da Defensa (en diante, CUD) na Escola Naval Militar de Marín (en diante, ENM), en uso das súas competencias, tras a aprobación na reunión do Padroado do 14 de novembro de 2013, con base na disposición adicional vixésimo terceira (Cobertura das necesidades de persoal docente dos centros universitarios da defensa) da Lei 22/2013, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2014, e recibida autorización do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas (escrito de data 18 de xullo de 2014), resolve proceder ao anuncio da convocatoria de concurso público, polo procedemento de urxencia, para cubrir as necesidades docentes existentes mediante a contratación en réxime laboral de persoal docente, para as seguintes categorías:

Categoría de profesor	Número de prazas
Axudante doutor	2

Este concurso rexeráse polo disposto na Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades (LOU), modificada pola Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, así como polo Real decreto 898/1985, do 30 de abril, sobre réxime do profesorado universitario, a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (en diante, Lei 30/1992), e pola normativa reguladora do procedemento para a provisión de prazas de persoal docente e investigador do CUD na ENM, aprobada na reunión do Padroado do 8 de marzo de 2010.

A información completa (bases da convocatoria, modelo de solicitude, etc.) pode consultarse no taboleiro de anuncios do Centro Universitario da Defensa na Escola Naval Militar (praza de España, s/n, 36920 Marín, Pontevedra), así como na páxina web do Centro Universitario da Defensa (<http://cud.uvigo.es> - Persoal - Persoal docente e investigador (PDI) - Concursos de profesorado - Sexto concurso de persoal docente contratado (código CPD06).



O prazo de presentación de solicitudes é de dez días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*, que se deberán dirixir ao director do Centro Universitario da Defensa no modelo oficial, obrigatoriamente acompañadas dos documentos acreditativos previstos na convocatoria.

Marín, 22 de agosto de 2014

José María Pousada Carballo  
Director do Centro Universitario da Defensa na Escola Naval Militar de Marín

CVE-DOG: 8xbjhm3-tmw9-ulk3-9ke6-xllu6fs26d67

